



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O
CONCELLO DE BANDE PARA A URBANIZACIÓN DA TRAVESÍA DA OU-540**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande para a urbanización da travesía da OU-540 en Bande (ppqq 39+610 – 39+711).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A estrada OU-540 Ourense – fronteira portuguesa (A Madalena) pertencente á rede primaria básica de estradas autonómicas, discorre polo Concello de Bande no treito comprendido entre os pq 35+610 e 50+660.

A Axencia Galega de Infraestructuras aprobou o 26.04.2013 o proxecto “Urbanización da travesía da OU-540 en Bande (ppqq 39+610 – 39+711)”, co fin de dar continuidade ás obras de mellora xa realizadas en anos anteriores na dita estrada. A antedita actuación non chegou a licitarse; porén, o treito da estrada OU-540 comprendido entre os pq 39+560 e 41+240 foi transferido ao Concello de Bande o 10.12.2014.





O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar o Concello de Bande consiste basicamente na instalación das redes de abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado, a execución de beirarrúas e a sinalización horizontal e vertical da travesía. Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Bande ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2016.

